

VÉN O MAGOSTO

Vén o Magosto para a escola de Campolongo cos petos repletos de ledicia e papeis con cantigas que caen en agasallos, alegres como brasas, regalándonos lúdicas fantasías.

Chega co sabor húmido do outono, atesourando os nosos beizos co sopro inmenso dun sorriso, e debuxando por novembro unha mirada chea de aventura e misterio no talo das emocións.

Vén agromando na memoria dos nenos esa maxia prolongada de lume e cinsa ardendo na prodixiosa fogueira, onde se xuntan o engado e a paixón, inaugurando no feiticeiro ceo pontevedrés un ritual de divertimento e rapaces ensimesmados de sorpresa, diante deste improvisado acontecemento de chamas e ardentía.

Renacen urxentes as labaradas nos asubíos do vento co aberto rebulir da mañanciña, coas carreiriñas, as troulas, os enredos e as risas en abundancia.

Hoxe é a festa das castañas, das cantigas entoadas, coas copras guindadas ao ar, as chanzas, os contos, os xogos e as lérias da rapazada.

Hoxe vén o Magosto bulindo de contento, tocando o pulso das sensacións con sílabas de lume nunha melodía de alegrías multiplicada, e vaise coa sombra das lembranzas, deixando os seus ollos nos nosos ollos, para aledarnos co recordo desta festa.

Campolongo novembro de 2013 EDL